

Temas Varios

A CIG-ENSINO presentou os seguintes temas varios:

Reválidas. A CIG-Ensino considera que se a Administración galega tivese un mínimo de sensatez debería paralizar as reválidas. Neste momento o alumnado de 2º Bacharelato non sabe como van ser as probas, tampouco o profesorado. A Administración galega debe asumir que non se poden levar a cabo as reválidas. A CIG-Ensino reclama a derogación das reválidas e da LOMCE. Quede constancia do noso rexeitamento a este tipo de probas. *A Consellaría responde que a regulación compete ao Estado e que, en tanto que non estea publicado, non teñen novidade. Que non teñen marxe de actuación.*

Profesorado de música. A CIG-Ensino esixe que se resolva a situación do profesorado de música de Secundaria que continúa sen destino definitivo nin se agarda que o teña. A Consellaría debe resolver a situación. Este ano mesmamente foron colocados de oficio en prazas con afíns que non solicitaran. Hai que arbitrar medidas.

Sentenza prazas dos Conservatorios. Desde a CIG-Ensino preguntamos se xa se analizou esta sentenza. A CIG-Ensino manifestou reiteradamente que, mentres existan os corpos docentes, deben respectarse e deben convocarse prazas suficientes para todo o profesorado. *A Consellaría responde que a sentenza para eles é preocupante desde o punto de vista da organización e que é un problema que afecta a máis colectivos.*

Lingua galega. A CIG-Ensino manifesta que a Consellaría volve desprezar o noso idioma. Tras a modificación do horario de Bioloxía e Xeoloxía esta materia perde tres horas, que son tres horas menos de impartición na nosa lingua. A Consellaría nen sequera adapta a normativa para que o ensino en galego teña a mesma carga lectiva que o español. A CIG-Ensino presentou un escrito, esiximos que se nos responda. *A Consellaría limitase a responder que o Decreto establece que os centros deben establecer o mesmo número de horas para galego e español no PLC.*

Oposicións: incidencias.

A CIG-ensino constatou incidencias nalgúñas especialidades:

- En Mantemento de vehículos quedaron 7 prazas sen cubrir.
- En Intervención comunitaria, no tribunal nº 2, o 47% recibiu unha nota inferior a un 1, que pasou aí? É denigrar ao profesorado, é unha humillación.

Se a Consellaría nomea os presidentes debe dar unha resposta a estas incidencias.

A CIG-Ensino, que xa presentou escrito sobre estes problemas, reclama que se arbitren mecanismos para revisar os exames, debe coñecerse a nota de cada parte, hai que garantir a quen se examina todas as garantías. Ademais tamén reclamamos que sexa un verdadeiro concurso-oposición: que a fase de concurso a bareme a Consellaría e que non se coñeza até o final o resultado. Dar instrucións claras aos tribunais, van xulgar unha oposicións, mais non son os que dán as prazas.

A Consellaría responde que lle parece esaxerada a premisa de que o feito de que sexa o tribunal quen bareme os méritos sexa problemático. Din que dan instrucións aos tribunais e lles din claramente que é un concurso oposición e que poden superar a oposicións máis persoas das que finalmente aproben.

Desde a CIG-ENSINO respondemos que, en canto ao tema dos tribunais non estamos de acordo coa resposta e queremos unha mesa específica en que se traten estes problemas e se acheguen posturas. Esiximos resposta ao sucedido en Intervención Sociocomunitaria.

Inicio de curso:

A CIG-Ensino esixe que se celebre todos os anos unha mesa específica para tratar as incidencias de principio de curso, sería a maneira de avanzar en certas cuestións. Este curso constatamos o incremento das afíns, e a existencia de perfís disparatados, perfís que se repiten ano a ano e que se en varios casos se lle veñen asignando ás mesmas persoas citemos por exemplo o caso das 12 prazas de sistemas informáticos con afín de FOL no mesmo departamento do IES San Clemente. Constatamos xa, ademais, que nalgúnha desas prazas de perfil imposible o profesorado non está impartindo as materias que figuran na adxudicación,

Desde a CIG-Ensino imos facer un estudo exhaustivo, porque pode haber casos de fraude. Consideramos que a inspección terá algunha responsabilidade nestes casos. Só algunhas desas prazas poden ser de ámbito, cuestión que debería recollerse na oferta.

Ademais constatamos que segue aparecendo un número significativo de prazas con posterioridade á adxudicación ou prazas que se transformaron en xornada parcial. Tamén está o caso da cacicada de Bonxe, porque a profesora á que se lle adxudicou de maneira irregular segundo sentenza xudicial segue na mesma praza, agora por ser concelleira.

A Consellaría responde que os casos de perfís estraños son casos puntuais, en todo caso que reclamarán informes que expliquen a situación. Sobre as prazas que aparecen despois, é verdade, aínda que cada vez menos, este curso: a maior parte delas teñen relación co funcionamento de determinados ciclos que aparecen de forma tardía. Sobre o tema de Bonxe vaise resolver de maneira xurídica, a Xustiza dirá se está ben colocada actualmente na praza. Sobre as afinidades: están dispostos a analizar se procede indicar cando se trata de ámbitos.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.gal>

Dereito a indemnización.

A recente sentenza da Tribunal da Unión Europea sobre que todas as persoas que rematen un contrato temporal teñen dereito a indemnización reclamamos que se inicie a negociación. A CIG-Ensino considera que ese debe ser o procedemento e non ter que repetir o proceso das pagas extras. Reclamamos da Consellaría que non nos obrigue a meternos en reclamacións individuais, para logo ter que recoller de oficio o dereito. *A Consellaría responde que este tema téñeno que analizar e estudar.*

Concilia e permutas.

Desde a CIG-Ensino entendemos que en coherencia coa doutrina europea tamén se debe recoller o dereito do profesorado interino a participar das permutas e das comisións por conciliación.

A Consellaría responde que non teñen problema en tratar na mesa o tema das comisións concilia, non ven razón para excluír o profesorado interino. As permutas serían máis discutíbeis.

Contratos nos meses de verán:

A CIG-Ensino reclama que se restitúa o dereito do profesorado substituto a cobrar os meses de verán, recóllase con tempo suficiente nos orzamentos.

Novas listaxes:

A CIG-Ensino constata que en Economía hai algunhas titulacións que non aparecen e deberían recollerse. Por exemplo Enxeñeiro en organización industrial Diplomatura en Relacións laborais e grao en Recursos humanos e a Diplomatura de Empresariais.

En Matemáticas a especialidade de Estatística.

A de enxeñeiro en informática para impartir a disciplina de Equipos electrónicos.

A Consellaría responde que presentemos por escrito as propostas que as van analizar. Cada vez hai máis titulacións para acceder a listaxes en que non se esixen proba. Inicialmente non son partidarios de ampliar, xa hai un elenco de titulacións amplo.

Cursos de Formación Pedagóxica para o profesorado sen a formación necesaria para cursar o mestrado en Secundara.

A CIG-Ensino reclama que se organicen cursos de formación pedagóxica ou que se chegue a convenio con algunha universidade para que os imparta, segue habendo persoas que o precisan.

A Consellaría aclara que hai persoas que non puideron opositar porque non tiñan o master, mais agora si o teñen e por iso continúan na listaxe correspondente.

Centros de 3 unidades.

A CIG-Ensino propón que se cree unhas nova categoría de centros de 3 unidades.

Licenzas no estranxeiro.

Nas licenzas no estranxeiro os ingresos para os gastos da viaxe e manutención hai que declaralos a facenda e isto provocou que algunhas persoas cambiasen de tramo na declaración. A CIG-Ensino solicita que se consideren dietas pois son precisamente para traslado e manutención. *A Consellaría di que non é sinxelo de resolver, mais que verán que se pode facer.*

Pendientes da ESO.

A CIG-Ensino solicita que se regulen e publiquen os criterios de pendentes da ESO para que non haxa diferentes criterios. Xa enviamos un escrito en xuño.

Carta en español aos auxiliares de Conversa.

A CIG-Ensino comprobou que, desde a Dirección xeral, enviouse aos auxiliares de conversa unha carta en español en contradición coa propia normativa e o Decreto de plurilingüismo, exclusivamente en español, mesmo para os que veñen de Portugal. *A Consellaría di que non hai problema en facela en galego, que se fixo así porque era así como se facía cos centros de inglés e español.*

Alumnado aprobado pola Xefatura territorial.

Desde a CIG-Ensino estamos constatando que, como norma, as Xefaturas territoriais están aprobando o alumnado que recorre ante elas, así no IES Xoán Montes e no IES de Chapela. Estamos ante unha situación que se resolve mediante un acto administrativo. Debe dárselle unha explicación ao profesor ao que se lle aproba o alumnado. O lóxico é que se arbitrase un procedemento técnico en que especialistas na materia consideren se o alumnado debe aprobar ou non, e non actuar como se fose un trámite administrativo máis.

A **CIG-Ensino** reclama que se recoñezan a **efectos económicos e administrativos as responsabilidades das TIC, das Bibliotecas, coordinadores de grao elemental e responsábeis de calidade de conservatorios de música e danza.** *Néganse.*

A **CIG-Ensino** reclama que se volva dotar o **IES de Sarria co 3º subalterno**, trátase dun centro cun horario moi amplo e varias modalidades de ensinanzas.

A **CIG-Ensino** reclama que se doten os centros con **persoal administrativo**, é unha necesidade perentoria.

A **CIG-Ensino** reclama que as **Ensinanzas artísticas** teñan a consideración de universitarias.

A **CIG-Ensino** denuncia que o **envío de material informativo sobre os ciclos de FP** chegou aos centros a última semana de setembro, unha vez pechada a matrícula, cando debería ser previo se se pretende que sirva para algo.